



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15003212	IES AGRA DE RAICES	Cee	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	SANIDADE	CM1910	COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERIA	MEDIO	PROBAS LIBRES

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP5	Técnicas de Axuda Odontolóxica /Estomatolóxica	2023/2024	0	130	156

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALBA MACEIRAS LAGO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

**2. Capacidades terminais elementais e criterios de avaliación****2.1. Primeira parte da proba****2.1.1. Capacidades terminais elementais do currículo que se tratan**

Capacidades terminais elementais do currículo
CTE1.- Identificar os diferentes tipos de materiais dentais segundo o seu uso específico.
CTE2.- Analizar os procedementos técnicos necesarios para a preparación e conservación de materiais dentais que permitan a utilización ou aplicación directa polo facultativo.
CTE3.- Describir e manexar adecuadamente os compoñentes do equipo dental para colaborar nos procesos de atención bucodental.
CTE4.- Identificar o instrumental dental e realizar a súa preparación, limpeza, desinfección e esterilización.
CTE5.- Executar as técnicas de prestación de apoio ó facultativo durante a actuación bucodental segundo as instrucións recibidas.
CTE6.- Valorar as necesidades de cuidados físicos e psicolóxicos e seleccionar a técnica de apoio máis adecuada segundo o tipo de doente.
CTE7.- Clasificar os distintos tipos de anestésicos utilizados en odontoloxía e describir o protocolo a seguir en situación de urxencia.
CTE8.- Preparar o material e colocar ó doente para realizar a técnica radiográfica según o tipo de exploración.
CTE9.- Explicar as normas de protección radiolóxica e utilizar os elementos de radioprotección.
CTE10.- Recoñece o papel do auxiliar dental dentro do equipo de saúde bucodental, as competencias de cada especialidade e as características básicas dos centros de traballo.
CTE11.- Relaciona as características anatomofisiolóxicas dos compoñentes dentarios e da cabeza con aplicacións prácticas do exercicio da profesión dental
CTE12.- Comprender o proceso de recollida de datos e a importancia dun bo rexistro da información clínica.
CTE13.- Identifica as principais patoloxías bucais.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución das capacidades terminais elementais por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA Describíronse os principais procedementos de obturación e endodoncia.
CA Identificáronse os distintos materiais dentais e clasificáronse segundo o procedemento odontolóxico no que se precisan.
CA Recoñecéronse a características, indicacións e modos de emprego dos materiais dentais.
CA Describíronse os principais procedementos protésicos e ortodóxicos.
CA Definíronse as estancias básicas dunha clínica dental.
CA Identificouse e demostrouse o funcionamento do equipamento dental.
CA Describíronse os principios que rixen a xestión dunha clínica dental.



CA Identifícase o principal instrumental de man utilizado en obturación e endodoncia, e as súas funcións.
CA Identifícase o principal instrumental de man utilizado en periodoncia e cirurxía oral, e as súas funcións.
CA Descríbense os principais procedementos de periodoncia e cirurxía oral.
CA Identifícase o principal instrumental de man utilizado en procedementos protésicos e ortodóncicos e as súas funcións.
CA Comprendeuse o concepto de ergonomía.
CA Descríbese e prepárase o instrumental necesario para axudar nas técnicas de illamento.
CA Descríbense e aplícanse os principais métodos de control de infección no consultorio dental.
CA Identifícanse as pautas de actuación para a atención de doentes.
CA Descríbense e clasifícanse os distintos tipos de anestésicos utilizados en odontoloxía e describe o protocolo a seguir en situacións de urxencia.
CA Recoñeceuse e descríbense as distintas partes do aparato intraoral e o seu manexo
CA Identifícanse os principais riscos das radiacións e aplícanse as medidas de protección radiolóxica propia e do doente.
CA Delimitáronse as distintas especialidades odontolóxicas e as funcións de cada profesional do equipo dental, incluída a función do auxiliar dental
CA Descríbense os principais detalles da anatomía dental.
CA Identifícanse as principais estruturas anatómicas da rexión bucofacial.
CA Descríbense as distintas partes da historia clínica.
CA Aplícase correctamente a nomenclatura dental.
CA Cumpríntose correctamente un odontograma.
CA Identifícanse a principal patoloxía, as súas características e factores que inflúen na aparición da carie e no seu tratamento

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Capacidades terminais elementais do currículo que se tratan

Capacidades terminais elementais do currículo
CTE1.- Identificar os diferentes tipos de materiais dentais segundo o seu uso específico.
CTE2.- Analizar os procedementos técnicos necesarios para a preparación e conservación de materiais dentais que permitan a utilización ou aplicación directa polo facultativo.
CTE3.- Describir e manexar adecuadamente os compoñentes do equipo dental para colaborar nos procesos de atención bucodental.
CTE4.- Identificar o instrumental dental e realizar a súa preparación, limpeza, desinfección e esterilización.
CTE5.- Executar as técnicas de prestación de apoio ó facultativo durante a actuación bucodental segundo as instrucións recibidas.
CTE8.- Preparar o material e colocar ó doente para realizar a técnica radiográfica según o tipo de exploración.
CTE9.- Explicar as normas de protección radiolóxica e utilizar os elementos de radioprotección.
CTE11.- Relaciona as características anatomofisiolóxicas dos compoñente dentarios e da cabeza con aplicacións prácticas do exercicio da profesión dental
CTE12.- Comprender o proceso de recollida de datos e a importancia dun bo rexistro da información clínica.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución das capacidades terminais elementais por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA Identificáronse os distintos materiais dentais e clasificáronse segundo o procedemento odontolóxico no que se precisan.
CA Recoñecéronse a características, indicacións e modos de emprego dos materiais dentais.
CA Identificouse e demostrouse o funcionamento do equipamento dental.
CA Identificouse o principal instrumental de man utilizado en obturación e endodoncia, e as súas funcións.
CA Identificouse o principal instrumental de man utilizado en periodoncia e cirurxía oral, e as súas funcións.
CA Identificouse o principal instrumental de man utilizado en procedementos protésicos e ortodóncicos e as súas funcións.
CA Describiuse e preparouse o instrumental necesario para axudar nas técnicas de illamento.
CA Describíronse e aplicáronse os principais métodos de control de infección no consultorio dental.
CA Recoñeceuse e describíronse as distintas partes do aparato intraoral e o seu manexo.
CA Identificáronse os principais riscos das radiacións e aplicáronse as medidas de protección radiolóxica propia e do doente.



CA Identifícaronse as principais estruturas anatómicas da rexión bucofacial.

CA Aplicouse correctamente a nomenclatura dental.

CA Cumpríntouse correctamente un odontograma.



3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os que veñen recollidos na lexislación correspondente pola que se establece o currículo formativo e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

Criterios de cualificación:

- Primeira parte da proba: o/a profesor/a do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Segunda parte da proba: as persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda. O/a profesor/a do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

A avaliación da proba libre realizarase nos termos previstos no artigo 37 da Orde do 12 de xullo de 2011 e a expresión da cualificación final obtida por cada aspirante en cada un dos módulos profesionais será numérica, entre un e dez, sen decimais.

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que non superen a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

- Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o/a profesor/a do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.



4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Consistirá nunha proba escrita de preguntas que poden ser: tipo test de resposta única, de resposta múltiple, de verdadeiro/falso, preguntas curtas, recoñecemento de gráficos, imaxes, problemas, listaxes de cotexo e supostos prácticos escritos. O valor de cada pregunta irá expresado na propia proba. No caso das preguntas test as repostas erróneas serán cualificadas de forma negativa segundo veña expresado na propia proba, as preguntas non contestadas terán unha puntuación de 0 puntos.

A proba puntuarase de 0 a 10 e requirirase dun mínimo de 5 para superala.

A duración da proba teórica será de 1 hora e 30 minutos.

Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul (de tinta indeleble).

Non se permitirá o uso de móbiles, reloxos intelixentes nin de corrector.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado enriba da mesa.

4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

A proba práctica consistirá na elaboración/realización de un ou máis supostos prácticos. O valor de cada pregunta irá expresado na propia proba

A proba puntuarase de 0 a 10 e requirirase dun mínimo de 5 para superala.

Requírese o uso de uniforme.

Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul (de tinta indeleble).

Non se permitirá o uso de móbiles, reloxos intelixentes nin de corrector.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado enriba da mesa

O orde para o chamamento á proba publicarase xunto coa cualificación da primeira parte da proba.